

Os tres porquiños e o Vento Feroz



Nun país moi afastado onde os animais falan, bailan e cantan, había tres porquiños que vivían coa súa familia nunha aldea. Levaban tempo planeando viaxar, coñecer mundo e facer fortuna, así que un día despedíronse da súa familia e dos seus veciños e comezaron a súa aventura.


A súa nai, que era conductora de ambulancias e sabía moito de emerxencias díxolles:

– Tede coidado porque se achega a tempada de tormentas e nuns días chegará un terrible tornado chamado “Lobo”. Tedes que vos gorecer para estar protexidos.

– Quen teme ao vento feroz? – Preguntou o irmán máis vello.

– Quen teme ao vento feroz? – Repetiron os seus irmáns cantando.

E fóronse os tres tatareando e saltando porque non tiñan medo ao vento nen á tormenta.



Despois de moito camiñar chegaron a un lugar onde lles pareceu que lles gustaría vivir un tempo: estaba perto dun río, ao lado de un bosque e había un prado com moitas flores.

– Creo que deberíamos facer caso á nosa nai e buscar o modo de nos protexer. Parcévos ben que fagamos unha casa? Estudei arquitectura e sei facer casas sólidas e resistentes. – propuxo o irmán máis vello.

– Paréceme ben, – dixo o mediano – pero non me apetece cargar con cemento e ladrillos. Aquí hai moitas árbores, así que farei una cabana de madeira, tal como me ensinaron nos campamentos de verán.

– Vale – dixo o pequeno – pero cortar leña é aburrido. Eu farei una casa de palla con toda esta herba que hai no prado. Vino nun tutorial de internet: a miña casa será suave e cómoda e cheirará a feno e flores. Ademais, rematarei antes que vós e poderei sair a explorar.

– Creo que sería mellor facer unha casa resistente, mais respectarei a vosa decisión. Se precisades axuda, dicídmeme! – ofreceu o irmán máis vello.



Así que os tres puxéronse máns á obra: o irmán máis vello fixo un plano da súa casaña, pequena pero sólida, cunha chimenea e resistente ao vento. Despois buscou todos os materiais precisos e comezou a construír, lento pero seguro.

O irmán mediano foi ao bosque a buscar máis pólas e troncos. Arrumounos por tamaños para que a casa quedase ben bonitiña e chantounos moi forte para que non caeran. A súa casa era preciosa, e obtivo a admiración dos seus dous irmáns.

O irmán pequeno recolleu toda a palla seca que había no prado. Había moita e conseguiu facer unha casa moi grande, brandiña e suave. Decorouna com flores e, como rematou primeiro, foi xogar á beira do río. Os seus irmáns vírono ir mentres continuaban a traballar. Suspiraron, porque tamén querían xogar un anaco.



Cando o irmán máis vello estaba a acabar os últimos detalles da súa casa, comezou a soplar unha brisa suave.

– Irmáns, entrade nas casas, porque creo que ven aí o tornado “Lobo”.

– Quen teme ao vento feroz? – responderon entre bromas.

Pero nuns minutos a brisa convertiuse nun aire moi incómodo para xogar, así que se refuxiaron nas casas.

O vento viña do norte, de atravesar desertos de xeo onde non había nada co que xogar e estaba desexando levantar cousas ao seu paso, asustar aos animais do país e causar o caos. Encantáballe o caos. Era un vento frío e feroz.

– Auu! – Susurrou o vento ao achegarse á casa de palla. Díxoo baixiño porque non pensou que tivese que facer moito esforzo para derrubala.

– Quen teme ao vento feroz? – cantaba o irmán pequeno mentres descansaba na súa cómoda cama de palla.

–Auuu!!!– Repetiu o vento mentres golpeaba suavemente a casa de palla. Bastoulle un pequeno remuíño para que todas as pallas e as flores da casa saísen voando. O porquiño quedou tremento de frío e medo sen nada que o protexese.



– Corre, ven á miña casa! – dixo o irmán mediano.


Os dous irmáns refuxiáronse na casa de madeira, moi cómodos nunhas mecedoras que o mediano tiña feito con madeira sobrante. Era un porquiño moi aficionado á bricolaxe.

– Auuuuuu-uu-uu – Comezou a aullar o vento, ao que lle gustaba porse dramático cando tiraba casas abaixo.

– Quen teme ao vento feroz? – Cantaron os dous irmáns á vez.

– Vós idesme temer – pensou o vento, que comezaba a enfadarse - Auuuuuuuuu! – berraba con rabia mentres facía varios xiros e se cobaba por unha xanela. Unha vez dentro da casa, rebotou contra as paredes, deixándoas feitas achas.

Os dous irmáns choraban desconsolados: por que tivera que chegar un vento tan frío, tan malo e tan feroz?



Correron cara á casa do seu irmán maior, que os estaba esperando preparado:

– Dádevos présa: chantade estas táboas nas xanelas, para que o vento non pase por aí, e poñede estes sacos de area na porta. Iso deterao. - Para animar aos seus irmáns, cantaba “Quen teme ao vento feroz” mentres quentaba na cheminea un caldeiro de chocolate quente para que entrasen en calor.

– O vento detívose un momento antes de atacar a casa de ladrillo e pedra do porquiño máis vello. Quería coller impulso para que todo voase polo aire moi, moi lonxe e que os porquiños apañasen un gran susto.

– AUUUUUUUUU - Aullou con forza mentres se arremuiñaba xunto á casa - AUU-UUUUUU!!!! - Berrou con toda a súa furia mentres golpeaba os muros, que permanecían firmes.

– Auuuuuuu! - Exclamou contra as xanelas, que non cederon.

– AAAAAAAUUUUUU! ? Vociferou contra a porta, que non se moveu nin un pouquiño.

– Au-Au-AU-AUUUUUU ? Insistiu mentres daba voltas, desesperado, á casa.


¡AAAAUUUU!

Os tres irmáns, ao ver que o vento non conseguía danar o seu fogar, fóronse animando e cantaban e rían:

- Quen teme ao vento feroz? Quen teme ao vento feroz, ao vento feroz, feroz, feroz?
- AUUUUUUU!!! – Bramou o vento mentres facía un último intento: entrar pola cheminea.
- Ao baixar pola cheminea, o vento (que xa estaba canso de tanto ulular e dar voltas) deuse de fronte contra o caldeiro de chocolate quente. Entón, de súpeto, convertiuse nunha nube de vapor e saíu voando por onde entrara, fuxindo cara ao sur como unha suave corrente cálida chamada “Canciño”.
- Foise o vento? – Preguntou o irmán pequeno.
- O vento foise! – Dixo, moi contento, o irmán mediano
- Auu- auu! Quen teme ao vento feroz? - Cantaron os tres.

Desde ese momento, os tres irmáns esforzáronse moito por aprender cousas que lles axudasen a protexerse nas súas viaxes. Porque no mundo atoparían ventos ferozes, lumes brutais, choivas desapiadadas e mares embravecidos e sabían que era necesario coñecer as dificultades e aprender a previr os danos. Porque unha cousa é unha aventura e outra, moi diferente, unha emerxencia.

E alá onde fosen, nunca se esqueceron de mandarlle unha postal á súa nai.





Edición:
UNICEF Comité Español
www.unicef.es/educa

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sustentable e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español, estando anteriormente publicados baixo a marca Enrédate e a web enredate.org. Os feitos e opinións aquí mostrados non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.



cooperación
española

Esta publicación forma parte dun proxecto financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español". O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional, excepto nos contidos con noutro tipo de licenza definido.

As ilustracións foron adaptadas de orixinais dispoñibles en freepik.com